

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👤 Básico 👤👤 Medio 👤👤👤 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Medio 👤👤



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-C4-Construción

A peza chave

Actividade elaborada coa colaboración de



Construcción 4

Achega




- Pezas de construcción en madeira
- Conectores impresos en 3D (tes 2 de mostra pero deberás imprimir máis en 3D. Os arquivos .stl están na descarga do qr. Se a peza encaixa con dificultade podes lixala un pouco)
- Porcas, parafusos e desaparafusador (recomendable)

Observa

Busca unha mesa ampla onde poder traballar a construción das estruturas. Hai dous tipos diferentes de pezas impresas e pódense formar dous grupos de traballo para cada tipo de peza. Practicade como facer unha unión (nó simple). Unha vez coñecido como facer un nó simple, monta unha estrutura con triángulos ou cadrados formando unha ringleira que chamaremos celosías. Utilízanse para facer estruturas de pontes. A cada cadrado ou triángulo chamáremolo van. Podes empezar cunha estrutura de 3 ou 4 vans. Entre catro equipos pódense facer dúas celosías de cadrado e dúas de triángulos para logo unir cada parella con pezas transversais.

Indaga

- Por cada celosía simple de triángulos, cantos nós e barras precisas para unha ponte de dous vans? E de tres? E de n vans?
- E no caso dos cadrados?
- Tentade construír algunha destas propostas do kit singular con triángulos ou cadrados xuntando celosías. Cantos nós precisaremos?



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.